

Concello de Touro

L01150853

Dto. mineiro: AC/C/2946

Asunto: Emenda do acceso á documentación incluída na información pública do Proxecto Cobre San Rafael.

En relación coa información pública do Proxecto Cobre San Rafael, con data 09/12/2024 ese concello remite á este Departamento Territorial, escrito no que solicita «A corrección da documentación e os enlaces referidos nos anuncios de información pública, que permita someter o proxecto a exposición pública dun xeito correcto, e se proceda a unha nova publicación e apertura de prazo de exposición pública do expediente», explicando que non se pode acceder ao enlace indicado para o Portal de Transparencia e Goberno Aberto desta Consellería: <https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/explotacions-mineiras>, e que da documentación sometida a información pública non se pode ver o contido do arquivo *EsIA37_Anexo 35_CARTOGRAFÍA AMBIENTAL* da *Carpeta 4-Estudio ambiental*.

En resposta á súa solicitude indícaselles que con data 12/12/2024 a xefa do Servizo de Industria, por ausencia do director territorial, asinou unha emenda do acceso á documentación incluída no Acordo, do 14 de novembro de 2024, do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, polo que se somete a información pública o Proxecto Cobre San Rafael, nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael SL, que se remite xunto con este escrito e que será publicado no Diario Oficial de Galicia do 17/12/2024.

Nesta emenda ábrese un prazo de trinta (30) días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, durante o cal se somete a información pública o Proxecto Cobre San Rafael, o cal deberá terse en conta para a exposición ao público no taboleiro de anuncios dese Concello.

A dita emenda poderá descargala da seguinte ligazón:

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/2s9QwjQ5PYtFLcR>

Transcorrido o dito prazo, deberá remitirnos un certificado de exposición pública no que conste o lugar e o período no que estivo exposta a documentación.

Así mesmo, o documento *EsIA37_Anexo 35_CARTOGRAFÍA AMBIENTAL* pode descargalo do seguinte enlace:

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/pCnfYKXTaFM3Bwy>

Por outra banda indícaselles que comprobado o enlace ao Portal de Transparencia e Goberno Aberto desta Consellería indicado no anuncio da información pública: <https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/explotacions->





mineiras, dirixe correctamente á páxina da que se pode descargar a documentación correspondente ao Proxecto Cobre San Rafael.

A Coruña, na data da sinatura dixital

María Teresa Negreira Pazos

Xefa do Servizo de Enerxía e Minas

